

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NO CONTRATO DE SUBMINISTRO, TRAMITADO POLO PROCEDEMENTO ABERTO, PARA A ADQUISICIÓN DE 413 TM. DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENETICA FONTAO, S.A.

FOLLAS DE ESPECIFICACIÓNS (CARÁTULA)

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

De acordo co previsto na instrución décimo cuarta das instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao. S.A., a representación de Xenética Fontao, S.A. en materia contractual correspóndelle ao consello de administración, que poderá delegala, de conformidade co previsto nos estatutos sociais.

2. FORMA DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS:

A adxudicación realizarase a través do sistema de procedemento aberto, ao abeiro do previsto nas instrucións internas de contratación de Xenética Fontao, S.A.

A tramitación do procedemento será ORDINARIA.

O prazo para a presentación de proposicións será o sinalado no anuncio de licitación publicado no perfil de contratante de Xenética Fontao, SA e nun diario de ámbito galego.

O lugar de presentación de proposicións será no Centro de Xenética Fontao, SA, (sito en Fontao -Esperante. Apartado de correos 128. 27080 Lugo), nas condicións previstas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

3. OBXECTO DO CONTRATO:

Subministración de 413 Tm. de penso para a alimentación dos sementais bovinos do Centro de Selección e Reproducción Animal de Galícia pertencente a empresa Xenética Fontao



4. NECESIDADES A SATISFACER:

A empresa Xenética Fontao, S.A. conta cun Centro de Selección e Reprodución animal, único en Galicia, o subministro a contratar permitirá unha mellora do sistema de produción e do control de calidade das doses seminais de vacún criopresevadas.

5. PERÍODO DE SUBMINISTRACIÓN:

Prazo máximo de duración de un ano contado a partir da data de formalización do contrato.

6. ORZAMENTO E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:

Valor máximo estimado do contrato : 123.816,00 €

IVE 10% : 12.381,60 euros

Orzamento total (Base + IVA): 136.197,60

A tódolos efectos enténdese que o importe estimado como máximo do contrato pólo órgano de contratación comprende tódolos gastos directos e indirectos que o contratista debe realizar para a normal execución do contrato, e tódalas taxas, impostos e licenzas.

7. GASTOS DE PUBLICIDADE: non se esixe.



8. GARANTÍA PROVISIÓNAL:

SI ☐ NON ☒

9. GARANTÍA DEFINITIVA:

SI ☒ NON ☐

En caso afirmativo, a contía será a correspondente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o I.V.E.

10. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA: SOBRE A

Ao amparo do establecido na instrución vinte e tres, punto 9º das instrucións internas en materia de Xenética Fontao, S.A. os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, o que se fará o través dalguns dos seguintes médios:

-Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade por riscos profesionais ou informe de institucións financeiras xustificativo da capacidade da empresa para executar este contrato.

-Declaración relativa a cifra global de negocio referido como máximo os tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

Para ser admitidas á licitación, as empresas deberán acreditar unha cifra de negocios no curso dos últimos doce meses, e por subministracións análogas ao obxecto deste contrato, por importe dunha cantidade igual ou superior ó importe de licitación.

Se por razóns xustificadas un empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, poderáselle autorizar para que acredite a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación.



11. SOLVENCIA TÉCNICA: SOBRE A

Ao amparo do establecido na instrución vinte e tres, punto 9º das instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., os licitadores deberán acreditar a súa solvencia a través dalgún dos seguintes medios: -Relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Considerase solvente o licitador que declare ter realizados durante os tres últimos anos traballos de similar natureza por un importe total na suma dos tres anos de 90.000 euros ou superior. -Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

12. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán, DOUS SOBRES sinalados coas letras A e B, respectivamente, nas condicións e lugares establecidos na cláusula 14 desta carátula.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, os licitadores poderán designar como confidencial a documentación que conteña información facilitada que consideren con tal carácter. A designación deberá realizarse mediante un carimbo, ou similar, co que se imprima a palabra “confidencial”, en cada unha das páxinas que conteña información deste tipo.

O contido de cada un dos sobres, será o seguinte:

1º. Sobre A (documentación xeral: administrativa)

Deberá incluírse nel a documentación sinalada na cláusula 5.3 deste prego, cunha relación de todos os documentos contidos neste sobre.

2. Sobre B (documentación económica e documentación técnica relativa a criterios de



valoración cuantificables mediante xuízos de valor e/ou mediante aplicación de fórmulas)

Nel incluírase a seguinte documentación:

1. Unha relación de todos os documentos contidos neste sobre.
2. Oferta económica, segundo o modelo que se achega como Anexo II deste prego.
3. Documentación técnica relativa aos criterios de valoración cuantificables mediante xuízos de valor e mediante fórmulas que se citan na cláusula 11 desta carátula, e, se fose o caso, resto da documentación técnica esixida no prego de prescricións técnicas, neste de cláusulas administrativas, ou que o licitador considere de interese presentar coa súa oferta.
4. Se é o caso, para a aplicación do establecido na cláusula 11 (criterios de valoración – fórmulas de desempate-) desta carátula, a relación laboral con persoas con discapacidade acreditarase mediante a achega neste sobre da seguinte documentación: -Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total do cadro de persoal. -Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa. -Relación dos traballadores fixos discapacitados acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade. -Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.
5. Se é o caso, documentación xustificativa de ter implantado a entidade un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os efectos do disposto nos seus artigos 11 e 19, segundo o reflectido na cláusula L (criterios de valoración -fórmulas de desempate-) desta carátula.



13. CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

Descrición criterio	Ponderación:	Umbral mínimo (no seu caso)	Fases de valoración	Sobre
<u>Criterios non avaliados matematicamente</u> 1.- Calidade técnica do produto 2.- Capacidade de resposta no subministro <u>Criterios avaliados matematicamente</u> 2.- Oferta económica: Aplicarase a seguinte fórmula matemática: A valoración da mellora económica realizarase coa seguinte fórmula: $P_i = P_m \times (L - O_i / L - K)$ Sendo P_i = Puntuación obtida para a oferta i Sendo P_m = Puntuación máxima deste criterio (52 puntos) Sendo O_i = Prezo da oferta a valorar (oferta i) Sendo L = Orzamento base de licitación Sendo K = Prezo óptimo que obterá a máxima puntuación do criterio <u>Considérase prezo óptimo</u> aquel que resulte de aplicar á media aritmética das ofertas admitidas á licitación, unha baixa en 10 unidades porcentuais do orzamento de licitación, agás no suposto de que fose admitida á licitación algunha/s oferta/s inicialmente incursa/s en presunción de temeridade no que esta oferta será o prezo óptimo e obterá a máxima puntuación. Para os efectos do disposto no artigo 136 da LCSP poderán ter a consideración de ofertas desproporcionadas ou temerarias as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa exceda en 10 unidades, cando menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas. En tales supostos estarase ao disposto no artigo 136 da LCSP.	ATÉ 48 PTOS Ate 24 puntos Ate 24 puntos ATE 52 PTOS		Fase 1 Fase 2	B1 B2



Valorarase en primeiro termo os criterios non avaliados matematicamente, e unha vez realizada esta valoración, procederáse á apertura do sobre C, criterios avaliados matematicamente, e a súa valoración.

De acordo co establecido no artigo 136.2 da LCSP terán a consideración de ofertas anormais ou desproporcionadas as ofertas incursas nos supostos previstos no artigo 85 del Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeneral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A adxudicación ao licitador coa oferta, que poida ser considerada desproporcionada, non procederá cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida, como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados.

➤ **Preferencia da adxudicación no caso de empate:**

- Maior puntuación no apartado 1 (oferta técnica).
- Maior puntuación no apartado 2 (oferta económica).

14. LUGAR DE ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN:

Centro de Selección e Reproducción animal de Galicia, sito en Xenética Fontao, S.A., FONTAO-ESPERANTE (LUGO). Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto do contrato ao lugar fixado serán a conta do contratista.

15. PRAZO DE GARANTÍA: Procede definir prazo de garantía:

SI ☒ NON ☐

6 meses dende a entrega do produto.

16. RÉXIME DE PAGAMENTO. (especificacións ao réxime xeral):

O pagamento efectuarase contra a presentación da correspondente factura, logo da conformidade prestada polo director do Centro de Xenética Fontao, S.A. , correspondente as cantidades efectivamente entregadas e formalmente recibidas.



17. REVISIÓN DE PREZOS:

SI ☐

NON

☒

18. ABONOS EN CONTA POR OPERACIÓNS PREPARATORIAS:

Non se regulan.

19. SUBCONTRATACIÓN:

Procede subcontratación: SI

☐

NON

☒

20. RÉXIME DE PENALIDADES DISTINTO AO ESTABLECIDO CON CARÁCTER XERAL:

a) Por incumprimento das condicións de execución calificadas como condicións especiais de execución (artigo 212.1 do TRLCSP) **b)** Por cumprimento defectuoso (artigo 212.1 do TRLCSP) A suma das penalidades impostas ao contratista por todas ou calesqueira das causas sinaladas nos anteriores apartados a) e b) non poderá exceder do máximo legal (10% do presuposto do contrato; artigo 212.1 do TRLCSP) **c)** Por mora (artigo 212.4 do TRLCSP)

21. CAUSAS ESPECIAIS DE RESOLUCION DO CONTRATO:

Non se regulan.

22. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DO CONTRATO:

Non se regulan.



23. RESPONSADABLE DO CONTRATO:

Ao abeiro do establecido na instrución décimo quinta das instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., o responsable do contrato será a persoa titular da Dirección do Centro de Xenética Fontao, S. A.

24. PERFIL DO CONTRATANTE:

www.xeneticafontao.com

25. OUTRAS OBSERVACIÓNS DO CONTRATO.

Lugo,


A Presidenta do Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A.

(asinado electronicamente)

Patricia Ulloa Alonso.



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NO CONTRATO DE SUBMINISTRO, TRAMITADO POLO PROCEDEMENTO ABERTO, PARA A ADQUISICIÓN DE 413 TM. DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A.

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

A presente contratación, de natureza privada ao abeiro do establecido no artigo 20 do Real decreto-lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), cualifícase como contrato de subministro de conformidade co establecido no artigo 9 da TRLCSP e rexerá en canto a súa preparación e adxudicación, polo disposto nas instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., e no presente prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, a empresa adxudicataria e aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo. En canto aos seus efectos e extinción, rexerá polo dereito privado. Así mesmo rexerá polo prego de prescricións técnicas particulares, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, así como a súa execución.

En todo o non previsto nos mesmos estarase ao disposto nas instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., e supletoriamente, no TRLCSP e polas demais disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación, en canto non se opoñan á mesma.

A empresa adxudicataria acepta de forma expresa a súa submisión as instrucións e a lexislación e pregos anteriormente citados. O contrato que resulte do procedemento de adxudicación axustarase ao contido dos pregos, formando estes parte integrante do mesmo.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

En caso de discordancia entre o presente prego e algún dos restantes documentos contractuais,



prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares.

1.2 ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación é o que se detalla **no apartado 1 da carátula (folha de especificacións)**.

1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

A adxudicación da presente contratación realizarase segundo o previsto no **apartado 2 da carátula** tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan na **cláusula 6.3 do presente prego**, por ser os adecuados para avaliar as características do subministro a realizar.

1.4. XURISDICIÓN COMPETENTE

Xurisdición competente: Conforme ao disposto na instrución terceira das instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., a orde xurisdicional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre aspartes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebre Xenética Fontao, S.A. Tamén coñecerá daquelas cuestións litixiosas que afecten á preparación e adxudicación dos ditos contratos, sempre que non estean suxeitos á regulación harmonizada.

2. ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da presente contratación é a realización da subministración que se indica no **apartado 3 da carátula**.

As proposicións versarán sobre a totalidade da contratación. O subministro efectuarase conforme ás condicións que figuran no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas particulares, os que terán carácter contractual. Necesidades a satisfacer: son as descritas no **apartado 4 da carátula**.



2.2. VARIANTES: non se admite a presentación de variantes.

2.3 PRAZO DE EXECUCIÓN será o establecido no **apartado 5 da carátula**, entrando en vigor dende a formalización do contrato.

2.4. PRÓRROGA: O contrato non poderá ser obxecto de prorroga.

3. ORZAMENTO E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

3.1. ORZAMENTO

O orzamento do contrato é o establecido no **apartado 6 da carátula**. A formulación da proposta económica se realizará sobre o orzamento do contrato que deberá ter carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se devenguen por razón do contrato, tendo presente, en relación co Imposto sobre o Valor Engadido, que a oferta do licitador comprende non só o prezo do subministro, senón tamen o importe do dito imposto; que figurará como partida independente.

3.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é o establecido no **apartado 6 da carátula**.

3.3. REVISIÓN DE PREZOS: non procede.

3.4. GASTOS DE PUBLICIDADE: non se esixen.

4 .CAPACIDADE PARA CONTRATAR

-CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS: Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en agrupación ou unión temporal, con plena capacidade de obrar, que desenvolvan unha actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos

Páxina 13 de 32



persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, acrediten a súa solvencia económica e técnica como se indica no presente prego e non se atopen incursas en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

A Mesa de Contratación efectuará a comprobación pertinente ao examinar a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración a facelo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

UNIÓNS DE EMPRESARIOS.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá demostrar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme ós artigos 62 e seguintes é 74 e seguintes do TRLCSP e ós artigos 9 a 16 RXLCAP, na medida en que non se opoñan ao establecido no TRLCSP.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, en todo o que non se opoña ao establecido no TRLCSP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte a Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles, e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal de Empresas, no caso de resultar adxudicatarios. Dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Non será necesaria a formalización da unión temporal de empresas en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

6. LICITACIÓN

6.1. DOCUMENTACIÓN



Para tomar parte na contratación será preciso que o contratista candidato achegue a documentación que integra a oferta, dividida en dúas partes:

- 1) Documentación persoal (Sobre A).
- 2) Documentación económica e técnica (Sobre B).

A documentación presentarse en sobres independentes.

No exterior de cada sobre identificaranse con indicación da licitación á que concorren (nome da licitación, número do expediente, lote no seu caso) e o nome de cada sobre de conformidade co establecido na cláusula 5.1.1. deste prego. Deberá así mesmo constar:

Denominación e dirección do licitador, co seu NIF/CIF, teléfono, Fax e correo electrónico.

Estar asinados polo licitador ou persoa que o represente indicando o nome e apelidos de quen asina a proposición, e o carácter con que o fai.

Número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu caso.

No exterior dos sobres en lugar ben visible, deberase cumprimentar a seguinte información

Referencia do sobre: No de expediente: SUB01/2013 Obxecto do contrato: ADQUISICIÓN DE 413 TM. DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A.

No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se encontre debidamente paxinado.

5.2. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

A documentación deberá ser presentada no lugar e dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación publicado.

Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os licitadores poderán enviar as súas proposicións por



correo, en cuxo caso, deberán xustificar a data e hora de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, no mesmo día a remisión da oferta mediante Fax, Télex ou telegrama. Esta notificación cursarase á Xenética Fontao, S.A, Fax: 982 284626 / Teléfono: 982 284391. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade a data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación esta non será admitida en ningún caso.

O prazo e hora de presentación ou envío serán os sinalados no correspondente anuncio de licitación.

O non cumprimento do lugar, prazo e hora de presentación de documentación será causa de exclusión da proposición.

6.3. SOBRE A.-DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Incluirase no mesmo os documentos que se indican a continuación, que deberán presentarse mediante orixinais, ou copias notariais ou compulsadas pola Xunta de Galicia.

6.3.1 Cando se trate de empresas españolas, presentarán os seguintes documentos:

- a) Documento Nacional de Identidade da persoa asinante da proposición, ou no seu caso, o documento que faga as súas veces.
- b) Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI, ou no seu caso, o documento que faga as súas veces, si se trata dunha persoa física, ou, se a empresa fora unha persoa xurídica, a escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación que lle fose aplicable. Se non o fose; a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional no que constasen as normas pola que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente rexistro oficial.
- c) Xustificación da representación con que actúa o asinante da proposición, cando subscriba a mesma no nome doutra persoa. Se a representada fose unha empresa individual, acompañarase escritura de poder notarial, outorgada polo titular ou propietario da empresa a favor de quen



subscribiu a solicitude no seu nome. No caso de que o asinante da solicitude actúe no nome dunha persoa xurídica, aportará escritura de constitución e modificación no seu caso da sociedade inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou dos acordos sociais dos que se deduza dita representación. Se esta non resultase unicamente dos mesmos presentarse, ademais, poder notarial para xustificala. **Co fin de xustificar adecuadamente a representación ante o Órgano de contratación, deberá solicitarse a declaración da suficiencia do correspondente poder de representación por un letrado da Xunta de Galicia.**

d) Declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, por quen, con poder bastante, asine a proposición, na que se faga constar expresamente, tanto no que se refire as persoas físicas como ás persoas xurídicas que participan no procedemento de adxudicación:

1º. Que non se atopan comprendidas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 60 do TRLCSP, que impiden contratar coa Administración.

2º. Que se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, tanto coa facenda do Estado, como coa autonómica, a local, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

e) No seu caso correo electrónico no que realizar as notificacións.

Non obstante, cando a empresa non estea obrigada a presentar as declaracións ou documentos relativos á acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, acreditarase esta circunstancia mediante declaración responsable.

Sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tales requisitos deban presentarse, antes da adjudicación definitiva polo adxudicatario provisional.

Acompáñase MODELO de declaración responsable para cubrir **(anexo I)**.

Sen prexuízo da obriga de presentar a declaración responsable á que se refire o apartado anterior, a xustificación acreditativa das circunstancias de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social esixirase ao adxudicatario provisional antes da adxudicación definitiva. Entenderanse acreditadas as referidas circunstancias, mediante a presentación dos documentos



que se relacionan a continuación e que poderán incluírse no sobre de documentación persoal (sobre A):

Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social (T.G.S.S.) correspondente, acreditativo de que a empresa encóntrase ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, entendendo por tales os previstos no art. 14 e 15 do RXLCAP.

Certificado da Axencia Estatal da Administración Tributaria (A.E.A.T.) xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, entendendo por tales as recollidas no art. 13 e 15 do RXLCAP.

Certificado expedido polo Servizo de Recadación da Consellería de Economía e Facenda (Xunta de Galicia) no que conste que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Documento que acredite estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, mediante presentación da alta, referido ao exercicio corrente, ou do último recibo do I.A.E. completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da exención emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 €) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei.

f) Garantía provisional: ver **apartado 8 da carátula**.

g) Solvencia económica e financeira: ver **apartado 10 da carátula**.

h) Solvencia técnica. ver **apartado 11 da carátula**.

* UNIONS DE EMPRESARIOS

De conformidade coas condicións previstas na cláusula 4.2 do presente prego, cada un dos que compoñen a unión temporal, deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme ao sistema de acreditación previsto nos apartados anteriores, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da



mesma.

1 As Unións de Empresarios deberán presentar respecto a cada unha das empresas integrantes da agrupación, a documentación persoal que se recolle nos apartados anteriores.

2 Presentarase declaración asinada polos responsables de cada empresa que indique os nomes e circunstancias dos que constitúan a unión temporal, a participación de cada un deles e o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adxudicatarios, así como nomear un representante ou apoderado único da unión.

3 **Non será necesaria a formalización da unión en escritura pública ata que se efectúe a adjudicación do contrato ao seu favor.**

* REXISTRO DE CONTRATISTAS

Aqueles licitadores, que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado polo Decreto 262/2001, de 20 de setembro (D.O.G. nº. 200 de 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de empresas clasificadas do Estado, así como un certificado comunitario ou a presentación de documento similar de inscrición de conformidade co establecido no artigo 73 da LCSP, estarán exentos de presentar a documentación que obre no rexistro e que, no seu caso, estea vixente, e que se corresponde cos apartados a), b), c), d) e e) da presente cláusula (5.3.1), así como os relacionados nos apartados a) e b) da cláusula seguinte (5.3.2) relativa a empresas estranxeiras. No suposto de licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Estado, ou que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán presentar a certificación emitida polo correspondente rexistro, mentres que as certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación.

Os licitadores con inscrición no Rexistro non quedarán exentos de presentar a documentación relativa á acreditación da solvencia económica, financeira e técnica.

Cando un licitador desexa facer valer a súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 262/2001, de 20 de setembro deberá reflectilo de forma fidedigna no exterior do sobre de documentación persoal, indicando o nº de rexistro asignado.

6.3.2 Cando se trate de empresas estranxeiras, deberán ter en conta as seguintes



especificacións em relación coa acreditación dos extremos recollidos na cláusula 5.3.1

a) Para acreditar a capacidade de obrar da letra b) anterior, será suficiente, no caso de empresas non españolas de Estados Membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditar a inscrición nos Rexistros ou presentar as certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP.

A capacidade das restantes empresas estranxeiras acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do enderezo da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Nestes supostos, ademais, deberá acompañarse informe da respectiva misión diplomática permanente española, relativo a que o Estado de procedencia admite a súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga ou, no seu caso, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio de acordo co previsto no TRLCSP. b) Deberán acompañar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder a cada licitante.

Os contratistas estranxeiros entregarán os documentos que deban presentar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

Asi mesmo, e a efectos do establecido no penúltimo parágrafo da cláusula 6.3 deste prego os licitadores aportarán aqueles documentos que acrediten, no seu caso, a pertenza ao cadro de persoal da empresa cun número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 por 100 da mesma. Para os efectos do disposto no parágrafo último do apartado 6.3 deste prego, achegarase, se e o caso, o documento acreditativo da obtención da Marca Galega de Excelencia. Todas as empresas licitadoras, pertencen ou non a un grupo empresarial, entendendo por tal, aquelas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio ou sociedades nas que

concorran algún destes supostos, deberán presentar unha declaración xurada na cal se faga



constar a dita

circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se encontren incursas para os efectos do

disposto no artigo 129.4 parágrafo segundo da LCSP e 86 do RXLCAP.

6.4. SOBRE B. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TECNICA

Conterá os documentos acreditativos da súa proposición, estruturados en dúas partes e presentados nun único sobre:

1. Oferta económica que, necesariamente asinada, axustarase ao modelo de oferta económica que se achegue co presente prego (Anexo II).

1.1. Os prezos ofertados indicaranse en euros. En todo caso indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba soportar a Administración.

1.2. As ofertas que excedan do prezo máximo de contratación ou do prazo máximo de entrega fixado polo órgano de contratación así como as que sexan incorrectamente formuladas serán rexeitadas.

2 Documentos acreditativos dos elementos cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas relacionados cos criterios de adxudicación da carátula. No caso en que as condicións da contratación prevexan melloras nos prazos, indicarse o prazo dentro do que se obriga o contratista a realizar a totalidade do servizo obxecto do contrato, especificando o calendario de traballos en relación cos prazos fixados. En ningún caso os prazos superarán os previstos no prego.

3 Nesta documentación reflectiranse as características da oferta do contratista candidato e acreditarase o cumprimento das condicións materiais que se contemplan no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación suxeitos a xuízos de valor, en relación coa realización do servizo obxecto de contratación.

4 Neste sobre incluírase, no seu caso, a acreditación do Plan de igualdade.

6.4.1. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou riscaduras que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

6.4.2. Cada contratista presentará unha soa oferta, sen prexuízo de que se admita, dentro dela, a presentación de variantes. Así mesmo, o contratista non poderá subscribir ningunha oferta en



unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

6.5. RESGARDO

Os licitadores teñen dereito a obter unha copia selada dos sobres que conteñan a súa proposición. A tal efecto acompañarán copia simple dos mesmos.

6.6 RETIRADA DAS PROPOSICIÓNS UNHA VEZ PRESENTADAS

De non ditarse a resolución dentro do prazo establecido, os empresarios terán dereito a retirar a súa proposición.

Se algún licitador retira a proposición inxustificadamente antes da adxudicación procederase á reclamación dos danos e perdas que, de selo caso, procedan.

6.7. ACEPTACION INCONDICIONADA DO LICITADOR DAS CLÁUSULAS DO PREGO

A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional polo empresario do contido dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sen salvedade ou reserva ningunha.

7. DETERMINACIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA

7.1. ÓRGANO COMPETENTE PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

7.1.1. O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha Mesa de Contratación constituída de conformidade co previsto no TRLCSP.

7.1.2. A Mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán a mesa sobre as cuestións das súas respectivas competencias, a requirimento dela, pero sen dereito de voto.



7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

A Mesa de Contratación examinará a documentación xeral (sobre A) correspondente aos licitadores. Se como resultado de tal exame a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarllelo verbalmente ao interesado mediante comunicación telefónica ao número indicado polo ofertante no sobre A, procedéndose, así mesmo, á notificación por fax ou telegrama ao número ou dirección igualmente indicados para que subsane os defectos nun prazo non superior a 3 días hábiles ante a propia Mesa de Contratación mediante escrito. A Mesa, unha vez cualificada a documentación anterior e subsanados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a determinar cales son as empresas que se axustan aos criterios de selección previstos no presente prego con pronunciamento expreso dos admitidos á licitación, dos rexeitados e as causas de tal rexeitamento. Unha vez feito o trámite previsto no apartado anterior, a mesa procederá en acto público, no lugar, data e hora que se sinala no anuncio de licitación, nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura da documentación administrativa, procedendo á apertura do sobre B, podendo solicitar cantos informes técnicos considere necesarios para avaliar a documentación presentada. Neste acto os licitadores poderán comprobar que os sobres B se atopan perfectamente pechados e nas mesmas condicións en que foron entregados.

A Mesa de Contratación antes de formular a súa proposta de adxudicación poderán solicitar cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

A Mesa de Contratación, como resultado da aplicación dos criterios de adxudicación previstos no prego e do/s informe/s técnico/s solicitado/s, formalizará proposta de adxudicación.

A Mesa de Contratación elevará, ao órgano de contratación as proposicións, xunto co acta e a súa proposta de adxudicación. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, achegue a documentación sinalada no apartado 7 deste prego.

A proposta de adxudicación do contrato polo órgano de contratación non xera dereito fronte á Administración a favor do licitador proposto, mentres non se formalizara o contrato.



7.3. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

7.3.1. O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios previstos no apartado 13 da carátula. Os licitadores deberán acreditar a situación das súas ofertas respecto de cada criterio polos medios que para cada caso indique o órgano de contratación, para os efectos de asignarlle a puntuación resultante.

7.3.2. Os criterios poderán concretar a fase de valoración das proposicións en que operan e, no seu caso, o limiar mínimo de puntuación que na súa aplicación poida ser esixido ao licitador para continuar no proceso selectivo.

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida por considerarse a oferta desproporcionada ou anormal, e sempre que, en todo caso, supere os límites previstos na carátula, estarase ao previsto no artigo 152 do TRLCSP.

8. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR O LICITADOR SELECCIONADO

De conformidade co establecido no artigo 151.2 do TRLCSP e nos artigos 13 a 16 do RXLCAP o licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa deberá presentar, salvo que obre xa en poder do órgano de contratación por ser achegada coa documentación persoal, no prazo de **dez días hábiles (ou cinco se a tramitación é urgente)**, contados dende o día seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación:

- a) Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Facenda.
- c) Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Presentación de alta do exercicio corrente (no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, aqueles faculte para o exercicio no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia) ou do último recibo do Imposto de Actividades Económicas, completado cunha declaración responsable de non tersedado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o disposto no artigo 13.1. a) en relación coartigo 15.1, ámbolos dous do RXLCAP (Real Decreto



1098/2001, do 12 de outubro).

e) Proba da efectiva disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato que lle reclame o órgano de contratación.

f) Xustificante (orixinal) de ter depositado, na Caixa xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, a garantía definitiva polo importe sinalada no apartado K da carátula. As certificacións mencionadas deben estar expedidas para os efectos do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, do texto refundido da Lei de contratos do sector público. De non presentarse a documentación sinalada en forma e prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedendo neste caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas (art.151.2).

9. GARANTÍA DEFINITIVA.

9.1. O adxudicatario ven obrigado a constituír e depositar na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva do cinco por cento do orzamento base de licitación no caso de que o expediente se estableza en función de prezos unitarios, ou do importe de adxudicación, nos restantes casos, sempre excluindo o imposto sobre o valor engadido.

9.2. A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP . A garantía será devolta ou cancelada de acordo co disposto no artigo 102 do TRLCSP.

10. ADXUDICACIÓN

10.1 O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación sinalada no apartado anterior, consonte ao estipulado no artigo 151.3 do TRLCSP.

10.2. A adxudicación deberá ser motivada e se notificará a todos os licitadores e, simultaneamente, se publicará no perfil do contratante. Dita notificación se efectuará conforme ao estipulado no artigo 151.4 do TRLCSP.

11. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DA GARANTÍA PROVISIONAL

11.1. No caso de que se esixa a constitución da garantía provisional, esta será devolta aos



licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato, excepto a do adxudicatario que lle será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e a das empresas que retiren inxustificadamente as súas proposicións antes da adxudicación, ás que lles será incautada.

A documentación restante presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios, fóra da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres meses contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no caso de que interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre ela.

12. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato formalizarase en documento privado dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva. Ao contrato que se formalice uniranse como anexos un exemplar deste prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas particulares. Cando o solicite o contratista, poderá elevarse a escritura pública, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

13. EXECUCIÓN DO CONTRATO

13.1. FORMA DE EXECUCIÓN

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

O contrato executarase con suxeición as cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para súa interpretación dera ao contratista Xenética Fontao, S.A.

En todo caso executarase a risco e ventura do contratista, correspondendo ao mesmo indemnizar tódolos danos que se causen tanto á sociedade contratante como a terceiros derivados dos traballos realizados para a execución do servizo, agás cando tales prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da sociedade.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións



e servizos realizados.

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida.

13.2 PERSOAL DO CONTRATISTA

A empresa contratista disporá en todo momento do persoal necesario, e axeitado, para a execución dos servizos ao seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e os legalmente establecidos, e coa máxima calidade esixible.

O persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a sociedade contratante de todo allea ás referidas relacións laborais.

13.3. RESPONSABLE DO CONTRATO

Ao abeiro do establecido no artigo 41 da LCSP, o órgano de contratación designa como **responsable do contrato**, a persoa que se establece no **apartado 23 da carátula**.

13.4. GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO

O prazo de garantía, a contar desde a data de recepción o conformidade do traballo é o establecido no **apartado 15 da carátula**. Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a emenda dos mesmos.

Rematado o prazo de garantía sen que o órgano de contratación formalizara reparo ou denuncia, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

13.5 PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

O contratista procederá á entrega do total ou entregas parciais da subministración no prazo establecido na portada, salvo que se ofertara outro menor, que será, nese caso, o esixible.



13.6 CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN

O contrato enténdese cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción do órgano de contratación, a totalidade da prestación.

A súa constatación esixirá un acto formal e positivo de recepción ou conformidade no prazo determinado pola LCSP.

En caso da entrega de bens defectuosos poderá o órgano de contratación, esixir a emenda dos mesmos ou a subministración duns novos.

Calquera que sexa o subministro o adxudicatario non terá dereito á indemnizacións por causa de perdas, ou calquera prexuízo ocasionado nos bens antes da súa entrega a Xenética Fontao S A, salvo que esta incorrese en mora na súa recepción.

13.7. FORMA DE PAGAMENTO

O contratista terá dereito ao pagamento da subministración realizada e recibida de conformidade co previsto no **apartado 16 da carátula**, nos termos establecidos nas normas que rexen o contrato e de acordo ao prezo convindo. No caso do que o contrato previse entregas parciais a demanda do órgano de contratación, o contratista terá dereito ao abono das subministracións realizadas en cumprimento dos citados prazos ou entregas parciais. En ningún caso, a suma das facturacións poderá superar o importe total do contrato.

13.8. PENALIDADES

No caso de que o contratista incorrese en mora no cumprimento do prazo total ou parcial do contrato por causas imputables a el, o órgano de contratación, sen necesidade de intimación previa, poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración, no que exceda do importe da garantía incautada, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, que será inmediatamente



executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

Na carátula poderanse prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme aos artigos 64.2 e 118.1. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

A aplicación e o pagamento destas penalidades non exclúe a indemnización a que a Administración poida ter dereito por danos e perdas ocasionados con motivo do atraso imputable ao contratista.

13.9. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Os efectos e extinción do presente contrato, rexeranse polo dereito privado.

14. PERFIL DO CONTRATANTE

Ao abeiro do establecido na instrución Décimo sexta das instrucións internas en materia de contratación de Xenética Fontao, S.A., establece-se o perfil do contratante. A forma de acceso é a sinalada **no apartado 24 da carátula**.

Coñecido e aceptado na súa totalidade; O CONTRATISTA,

Asdo.: _____




VISTO: o presente prego de cláusulas para a contratación **ADQUISICIÓN DE 413 TM. DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A.**

En virtude das atribucións que me están conferidas, apróboas nos termos expostos

Asinado electronicamente por

Patricia Ulloa Alonso

Presidenta do Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A.



ANEXO I DECLARACIÓN RESPONSABLE

-Don/Donacon D.N.I. con domicilio enNo caso de ser persoa xuridica:En representación da empresa... constituída... (referencia escritura). Acreditando a súa representación através do poder... (referencia escritura)

DECLARA:

Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne os requisitos de plena capacidade xuridica e de obrar.

Que a empresa á que represento, non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no art. 49 da LCSP e que, especialmente, se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais e de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes.

Que a actual empresa á que represento non se atopa dada de baixa no Imposto de Actividades Económicas na matrícula correspondente,segundo artigo 15 do Reguiamento Xeral da Lei de Contratos e no seu caso:

Estar exenta de pagamento

Estar ao corrente no pagamento

5 Que coñece o prego de cláusulas administrativas particulares que serven de base ó contrato dun subministro **"ADQUISICIÓN DE 730 TM. DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A."**, e que o acepta incondicionalmente.

6.Estar inscrito no rexistro xeral de contratistas:

Sí, manifestando que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación, de acordo co previsto no TRLCSP

Non

Lugar, data, selo e sinatura.



ANEXO II MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.. con
domicilio
en.....
.....CP., provisto de DNI nº....., expedido en
..... con data..... en
nome propio ou en representación de
....., CIF nº
(representación que acredita presentando a escritura de poder sometida a verificación de
suficiencia na forma procedente), sabedor da licitación por (publicación oficial, pónase data do
documento en cuestión) e das condicións e requisitos que se
esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato de subministro **"ADQUISICIÓN DE
413 TM. DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A
EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A."**

DECLARA:

1º.-Que coñece o prego de cláusulas administrativas e os anexos coas condicións técnicas que
lle serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na
totalidade do seu contido.

2º.-Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e
que se compromete en nome de (propio ou da empresa á que
representa) a cumprilo contrato con estrita suxeición ós documentos citados de acordo coa
seguinte oferta:

**Orzamento máximo autorizado (en número e en letra)Importe correspondente o IVE (10%)
(en número e en letra)Orzamento total (en número e en letra)**

3º.-Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de
Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data, selo e sinatura

